



## Centro de Maiores

\* O centro de maiores e, polo tanto, o servizo de transporte poñerase en marcha a partir do martes 1 de setembro. Os horarios de recollida serán os de sempre. Lembramos que o luns, día 7, é festivo local e estará pechado. O venres 11 e luns 14 de setembro o centro tamén estará cerrado. Se algún veciño ou veciña quere vir ó centro e o autobús non lle pasa cerca poderíamos mirar de modificar a súa ruta para que pasase a buscalo/a. Só terían que pasar polo concello ou poñerse en contacto chamando ó 981 516 020. No mes de outubro comezaremos cunha programación de actividades.

## Horario Concello

A partir do mes de setembro o concello estará aberto ó público os **mércores** pola tarde, de **16 a 18 horas**.

Tamén modificamos o horario de rexistro dos sábados. Desde setembro o concello e, concretamente, o rexistro abrirá das **10 ás 12 horas** os sábados pola mañá.

## Actividades

### \* CURSO DE GALEGO:

A Secretaría Xeral de Política Lingüística vai ofertar os CELGAS, **cursos gratuítos prepara-torios** para a obtención do certificado de lingua galega. Estes cursos certifican un coñecemento de galego a efectos de requisitos ou méritos laborais e académicos. Se alguén está interesado pode pasar a anotarse ou a pedir información no concello. Hai de prazo ata o mes de outubro.

### \* EXCURSIÓN A VILAFRANCA DEL BIERZO-LEÓN Sábado 3 de outubro.

Ás **08:30** sairemos de Boimorto, praza do Rosario. Sobre as **9:30** faremos unha parada no camiño para **almorzar (incluído no prezo)**

Entre as **11 - 11:30** tempo libre para pasear por Villafranca del Bierzo.

**12:30** visita á *adega "Ledo"* con **degustación** incluída.

**14:30** Xantar no restaurante "*A Palloza de Balboa*".

**17:00** Visita ó museo "*Casa de las Gentes*", coñecido como museo de madeira.. incluída degustación de produtos elaborados con castañas, doces...

**18:30** Saída para Boimorto.

**ONDE ANOTARSE:** No concello de Boimorto. Ata o 25 de setembro incluído ( para máis información chamar ó 981 516 020).

**PREZO:** **30€** por persoa que se recollerán no momento de anotarse.

Deberá haber un mínimo de 50 anotados.

### \* SERVIZO DE MADRUGADORES:

O Concello de Boimorto, ante a petición da ANPA do centro educativo, vai

colaborar para poñer en marcha o servizo de madrugadores. Este servizo ofrece a posibilidade de deixar ós cativos no colexio ás 8 da mañá. Unha vez alí, daráselles o almorzo e estarán atendidos por persoal cualificado do concello. Ás 9:15 os profesores faranse cargo deles.

Para máis información podedes poñervos en contacto coa ANPA nos teléfonos 669 543 815, ou ben no 610 535 571. Para anotarse na ANPA, ou ben, nas oficinas do Concello.

#### \* **ACTIVIDADES DE INVERNO:**

Desde o concello queremos mostrar o noso apoio a ANPA do CPI Armando Cotarelo Valledor. Este ano colaboraremos e traballaremos en todo momento coa asociación de pais do centro educativo para organizar e poñer en marcha unha serie de actividades complementarias. Iremos informando destas actividades. Para máis información podedes poñervos en contacto coa ANPA: 669 543 815 - 610 535 571.

### **Festival de la Luz**

---

\* **Voluntariado:** Chegamos a IV Edición do Festival de la Luz e como todos os anos precisamos da vosa colaboración. Para anotarse no programa de voluntariado do Festival pódese facer nas oficinas do Concello, no 981 51 60 20 ou ben por e-mail en [cultura@boimorto.es](mailto:cultura@boimorto.es).

#### \* **Novidades 2015:**

- Novo escenario Cultivando: funcionará simultaneamente co escenario acústico do Mercado aumentando así a variedade e oferta musical. Nel actuarán os grupos finalistas de Cultivando Música en combinación con outros artista nacionais. Todo isto dentro dunha carpa modelo iglú
- 44 artistas e bandas
- Incremento da programación infantil
- Un días máis de programación: o venres totalmente gratuíto dende as 20:00 a 02:30

\* Os cativos de 12 anos ou menos non pagan entrada. Todos os menores de idade teñen que levar obrigatoriamente unha autorización para poder acceder o recinto (por duplicado), e ir acompañados dun adulto, pódese descargar a autorización na páxina web do festival ou recollela nas oficinas do Concello.

Dende o día 1 de setembro os pais/nais/titores/as que queiran poden pasar polo Concello a retirar a pulseira identificativa que facilita Cruz Vermella Betanzos para a identificación de menores dentro do Festival de la Luz.

### **Feira Mensual**

---

\* **Coma de costume** o primeiro xoves de mes contamos coa feira mensual de Boimorto. Neste mes de outubro coincide co día 3. Haberá servizo de transporte polas parroquias que pode utilizar toda a veciñanza, non só xubilados.

## Deportes

\* **Resultados I Torneo de Bádminton "Concello de Boimorto"**: tras a disputa das eliminatorias e finais o sábado 8 de agosto, os 4 primeiros clasificados de cada categoría foron: na categoría Infantil Mixta 1ª Silvia Rico, 2ª Sonia Pacín, 3º Alex Varela e 4ª Miriam Barreiro; na categoría Senior Feminino 1ª Carla Rey, 2ª Alba García, 3ª Ana Otero e 4ª Susana Rial; na categoría Senior Masculino 1º Abelardo Carbajales, 2º Sergio Mosteiro, 3º Pablo Mouriño e 4ª Jose María García; e por último na categoría Dobres Mixto: 1º Carla e Abelardo, 2º Susana e César, 3º Andrea e Sergio, 4º Ana García e Enrique Souto. Felicitar dende aquí aos gañadores e darlle a noraboa a todos participantes, que foron case 30 deportistas.

\* **Termalismo Social no Balneario de Brión**: PROGRAMA DE TERMALISMO SOCIAL: O mércores 9 de setembro iníciase as viaxes ó Balneario Compostela de Brión, pertencentes ó programa do concello de Termalismo Social. Realizaranse todos os mércores dende o 9 de setembro ata o 28 de outubro, ambos incluídos. O autocar sairá ás 15:00h. do Centro de Maiores e regresará a iso das 19:00h. O número máximo de usuarios por día é 25 e un mínimo de 15. O prazo de inscrición para cada xornada comezará o xoves anterior á data da viaxe (exemplo, para o mércores 9 de setembro abrirá o xoves día 3), debéndose inscribir nas oficinas do concello. As prazas serán cubertas por rigoroso orde de inscrición. Só poderán viaxar persoas empadroadas no municipio. As viaxes e entradas ó balneario están subvencionadas ó 100% polo Concello e a Deputación, de xeito que o usuario non deberá pagar absolutamente nada. Obrigatorio levar bañador, gorro, chanclas e toalla.

\* **Domingo 20, Ruta de Sendeirismo "Os sons do Ulla"**: ruta duns 14 kms, de dificultade baixa e na que camiñaremos polo coto salmoneiro de Ximonde, e despois de atravesar a ponte na desembocadura do río Liñares voltaremos ao punto de partida. Hora de saída: 8:00 horas do Campo do Rosario (colexio). Irase en coches particulares. Hora estimada de retorno: 14:00 h. Prazo de inscrición: do 7 ao 17 de setembro nas oficinas do concello.

\* **Luns 21 apertura do prazo de inscrición para as Escolas Deportivas e Ximnasia de Mantemento nas parroquias**: as clases darán comezo o luns día 5 de outubro.

\* **Sábado 26 IX Carreira Pedestre e Canicross Popular "Concello de Boimorto"**. O horario das distintas probas será o seguinte: 18:00h Carreira Absoluta (6.334 mts); 18:45 Carreira Cadetes e Infantís (3.167 mts); 19:15 Carreira Alevíns e Benxamíns (1.000 mts); 19:30 Carreira Prebenxamíns (500 mts); 19:45 Carreira Chupetes (200 mts); e 20:00 h Carreira de Canicross (3.100 mts). Lémbrese a todos os veciños que parte das estradas que van dende o Concello cara Arceo e cara A Gándara permanecerán pechadas ó tráfico dende ás 17:30 ata o remate das carreiras. Animamos a participar a todos aqueles que a súa saúde e condición física llo permita. Asemade, toda persoa que queira colaborar como voluntario na organización da carreira poderá facelo anotándose nas oficinas do concello ou falando directamente co técnico deportivo.

## **Punto de Atención á Infancia**

O prazo para novas inscricións continua aberto, recordamos aos interesados que poden achegarse as instalacións para ver como están distribuídas e falar coas rapazas das actividades, horarios,.... Animamos a todos aqueles pais/nais que teñan fillos menores de 3 anos que os inscriban pois este centro non é un simple lugar onde os nenos pasan o tempo, senón que se pretende que aprendan cousas e lles axude nos comezos da súa etapa escolar.

### **Emprego**

#### **\* SUBVENCIONS PARA A PROMOCION DO EMPREGO AUTONOMO DAS PERSOAS NOVAS.**

Destinatarios: persoas novas desempregadas que figuren inscritas no Sistema nacional de Garantía Xuvenil e pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia. As altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional deben formalizarse dende o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015, ambos inclusive

Tipos de axudas:

1. Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil: 1.200€ a fondo perdido.
2. Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia (debe acreditarse investimento superior a 2.000€): 7.500€ a persoa nova (500€ no caso de mulleres) ou 10.000€ para as persoas con discapacidade ou pertencente a algún colectivo en risco ou situación de exclusión social.

Prazo de solicitude: ata o 30 de setembro do 2015

Máis información: DOG nº 158 do 20 de Agosto do 2015.

#### **\* PROGRAMA PARA A PROMOCION DO EMPREGO AUTONOMO**

Destinatarios: persoas desempregadas, inscritas como demandantes de emprego no SPEG, que procedan á creación do seu propio posto de traballo mediante a súa constitución en persoas traballadoras autónomas ou por conta propia, e que desenvolvan a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como persoas traballadoras autónomas ou por conta propia. As altas na Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional deben formalizarse dende o 1 de outubro de 2014 ata o 30 de setembro de 2015, ambos inclusive

Tipos de axudas:

1. Subvención para iniciativas de autoemprego xuvenil: 1.200€
2. Subvención polo establecemento como persoa traballadora autónoma ou por conta propia (debe acreditarse investimento superior a 3.000€): 5.000€ a persoas en xeral; 8.000€ (home) ou 10.000€ (muller) para as persoas con discapacidade ou pertencente a algún colectivo en risco ou situación de exclusión social

Prazo de solicitude: ata o 19 de setembro do 2015

Máis información: DOG nº 157 do 19 de Agosto do 2015

#### **\* AMPLIACION DA IDADE PARA ACCEDER AO SISTEMA DE GARANTIA XUVENIL**

O Ministerio de Emprego amplía o ámbito de aplicación do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil: "*Amplíase a idade máxima de acceso ao Sistema Nacional da Garantía Xuvenil aos maiores de 25 anos e menores de 30*".